

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 14 de marzo de 2012 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario para o ano 2012.

Os plans de formación do profesorado de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia perseguen, como obxectivos xerais, mellorar a competencia profesional do profesorado, fomentar a reflexión crítica sobre a súa actividade cotiá e crear actitudes proclives á investigación e á experimentación educativas.

Coa finalidade de facilitar a participación do profesorado en actividades de formación que contribúan á consecución dos obxectivos anteriormente sinalados, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria organiza distintas actividades de formación orientadas a conxugar as necesidades derivadas do propio sistema educativo coas demandas xurdidas do mesmo profesorado.

Con independencia da ampla oferta formativa desenvolta pola consellería, faise necesario, co fin de favorecer o desenvolvemento profesional do persoal docente, fomentar as iniciativas individuais cara á súa propia formación que redunden na mellora do sistema educativo e permitan aliñalas coas liñas prioritarias da formación en Galicia.

É por iso polo que procede establecer un sistema que permita o reintegro, cando menos parcial, dos gastos orixinados pola asistencia a este tipo de actividades de formación do profesorado.

En consecuencia, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto e orzamento.*

1. Establecer o procedemento para o reintegro individual de gastos derivados da participación como asistente a actividades de formación non organizadas polas estruturas de formación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia, no resto do territorio español, ou no estranxeiro, e que se desenvolvan entre os días 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2012.

2. Para facilitar a distribución do orzamento ao longo do período anteriormente indicado estableceranse dúas quendas. A primeira abranguerá as actividades que se desenvolvan entre os días 1 de xaneiro e 30 de xuño de 2012, e terá unha dotación orzamentaria de 20.000 euros. A segunda será para actividades que se desenvolven entre os días 1 de xullo e 30 de novembro de 2012, e terá unha dotación orzamentaria de 40.000 euros. No caso de que o orzamento dedicado á primeira quenda non se esgotase, pasará a incrementar o orzamento da segunda quenda.

3. En ningún caso se concederán reintegros para a asistencia a actividades de formación de carácter regrado.

4. Os reintegros individuais financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 15.05.4221.640.1. Unha vez repartidas as ditas contías, as solicitudes de reintegro serán automaticamente denegadas por ter esgotado o orzamento.

Artigo 2. *Destinatarios e requisitos.*

1. Poderá solicitar os ditos reintegros o persoal docente de carreira que pertenza aos corpos que imparten ensinanzas das establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, con destino en: centros docentes públicos en que exerzan docencia directa co alumnado, equipos de orientación específicos, postos de asesoría dentro da estrutura administrativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e na Inspección Educativa.

Os solicitantes non poderán percibir outro tipo de axudas para a asistencia á actividade solicitada e non poden ter recibido reintegro individual nas dúas últimas convocatorias (anos 2010 e 2011).

2. A consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das contías de reintegro, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 3. *Actividades incluídas e tipos de reintegros.*

1. Os reintegros concederanse para actividades de formación directamente relacionadas coas tecnoloxías da comunicación e información e co plurilingüismo. Ademais, en función da dispoñibilidade orzamentaria, concederanse para aquelas actividades directamente relacionadas coa disciplina, área, ciclo ou especialidade que imparta o solicitante e sexan directamente trasladables á práctica docente, ou teñan interese para as necesidades do centro educativo.

2. Os reintegros concederanse segundo os seguintes tipos e límites que se indican:

Tipo I, na Comunidade Autónoma de Galicia, ata un máximo de 100 euros.

Tipo II, no resto do territorio español, ata un máximo de 150 euros.

Tipo III, no estranxeiro, ata un máximo de 600 euros.

Tipo IV, reintegros vinculados a estadias:

– Ámbito europeo, ata un máximo de 1.200 euros.

– Ámbitos extraeuropeo, 2.000 euros.

Artigo 4. Solicitudes, documentación e prazo de presentación.

1. As persoas interesadas deberán dirixir a súa solicitude, segundo o modelo que figura no anexo I desta orde, á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de que dependan, no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia na páxina web <https://sede.xunta.es>, como establece a Orde do 15 de setembro de 2011 (DOG n.º 183, do 23 de setembro), ou ben directamente ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4.º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polo menos con 1 mes de antelación con respecto á data do comezo da actividade.

Para as actividades formativas que comezaron a partir do 1 de xaneiro, así como para aquelas que comezan a partir do día da publicación desta orde e que non poidan cumprir o prazo de solicitude con 1 mes de antelación, a solicitude entenderase en prazo sempre que sexa presentada dentro dos quince días naturais a partir do día seguinte da publicación da presente orde no DOG.

2. Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Fotocopia da convocatoria da actividade para a que se solicita o reintegro.

b) Certificación da Dirección do centro na cal se xustifique que a persoa solicitante exerce actualmente nel e se especifique a disciplina, área, ciclo ou especialidade que imparte. A dita certificación substituirase por outra expedida polo servizo de inspección correspondente no caso de que a persoa solicitante estea destinada nunha escola unitaria. Se está destinado nos servizos centrais da consellería, será o xefe de servizo da súa unidade administrativa.

c) Orzamento dos gastos de matrícula e desprazamento, exclusivamente. En ningún caso se farán constar gastos de mantenza e aloxamento.

d) Memoria explicativa dos motivos polos que se desexa asistir á actividade e repercusión da asistencia a esta na súa función docente.

e) Declaración xurada de non ter recibido reintegro individual nas dúas últimas convocatorias (anos 2010 e 2011), así como de non percibir outro tipo de axuda para a mesma actividade.

f) Certificación bancaria do número de conta a nome do solicitante.

De acordo co establecido no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a xefatura territorial correspondente requirirá aquelas persoas cuxas solicitudes non reúnan os requisitos anteriormente sinalados, para que nun prazo de dez días emenden as faltas ou xunten os documentos preceptivos; de non o faceren, considerarase que desistiron da súa petición e archivarase o expediente.

Artigo 5. *Procedemento de xestión.*

As xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa maior brevidade, e sempre dentro dos 5 días seguintes ao da súa recepción, remitiranlle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa os expedientes de solicitude co informe da Inspección Educativa e a súa proposta, segundo o modelo que figura no anexo II desta orde.

Artigo 6. *Criterios e Comisión de Valoración.*

1. O reintegro concederáse de forma individual e a súa contía fixarase tendo en conta os seguintes criterios: a adecuación das características da actividade, o lugar de realización, os gastos de matrícula e os gastos de desprazamento orixinados pola distancia ao centro de destino. En todo caso, terán preferencia aquelas persoas que teñan concedida unha licenza por estudos na modalidade de perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior e os solicitantes que non obtiveron o reintegro en convocatorias anteriores.

2. A comprobación dos requisitos da solicitude para a concesión de reintegros será valorada por unha comisión que estará integrada por:

Presidente: subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.

Vogais:

- O xefe do Servizo de Formación do Profesorado.
- Unha persoa adscrita ao Servizo de Formación do Profesorado.
- Unha persoa adscrita á Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.
- Unha persoa adscrita á Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, que realizará as funcións de secretaría.

A comisión reunirse dúas veces ao ano, unha para a proposta de reintegros correspondentes ao primeiro semestre e outra para os do segundo semestre.

A comisión elevará a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Artigo 7. *Resolución.*

1. A concesión ou denegación do reintegro seralle notificada directamente á persoa interesada, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Contra esta resolución, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada, ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión do reintegro individual de gastos, e en todo caso a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

3. As solicitudes entenderanse rexeitadas de non existir resolución expresa no prazo de seis meses, contados a partir da data de entrada no Rexistro Xeral da solicitude do reintegro individual.

Artigo 8. *Pagamento.*

Para a tramitación do pagamento, o beneficiario deberá remitir á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, no prazo dos 10 días seguintes

á data da recepción da notificación da resolución da concesión do reintegro individual, a seguinte documentación:

a) Memoria en formato papel da actividade desenvolvida (mínimo 5 páxinas a unha cara con tipografía de 12 puntos).

b) Documento orixinal que xustifique o pagamento da matrícula ou inscrición na actividade e que especifique o importe do gasto realizado.

c) Xustificación dos gastos de desprazamento, segundo corresponda (billete e tarxetas de embarque de avión, de tren, factura de axencia ou declaración xurada de ter realizado o desprazamento en vehículo propio (recibos de autopista, factura de taxi), tal como se establece no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño). Todo iso en documentos orixinais.

d) Fotocopia debidamente compulsada do certificado de asistencia, expedido pola entidade organizadora, no caso de idiomas, certificado de aproveitamento asinado polo director do centro en que desfrutou a licenza por estudos.

e) Declaración xurada de non ter percibido nin solicitado outro tipo de achega para a mesma actividade e, de ser o caso, de ter concedida unha licenza por estudos na modalidade de perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior, indicando o lugar e as datas de duración desta.

Artigo 9. *Publicidade.*

Unha vez concedida a totalidade dos reintegros, publicarase no DOG a relación das persoas beneficiarias desta convocatoria, sen prexuízo da súa exposición na páxina web desta consellería.

Artigo 10. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2012.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO REINTEGROS INDIVIDUAIS PARA A FORMACIÓN DO PROFESORADO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED303A	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA ACTIVIDADE TÍTULO DA ACTIVIDADE <input type="text"/>			
LUGAR DE REALIZACIÓN <input type="text"/>		DATAS DE REALIZACIÓN <input type="text"/>	
DATOS DO SOLICITANTE NOME <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> NIF <input type="text"/> ENDEREZO <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> TELÉFONO <input type="text"/> CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>			
DATOS BANCARIOS CÓDIGO DO BANCO <input type="text"/> CÓDIGO DA SUCURSAL <input type="text"/> DÍXITOS DE CONTROL <input type="text"/> CÓDIGO DA CONTA CORRENTE <input type="text"/>			
DATOS PROFESIONAIS DO/DA SOLICITANTE NIVEL INFANTIL-PRIMARIA <input type="checkbox"/> ED. INFANTIL <input type="checkbox"/> 1.º CICLO <input type="checkbox"/> 2.º CICLO <input type="checkbox"/> 3.º CICLO ÁREAS QUE IMPARTE NESTE CURSO <input type="text"/> ESPECIALIDADES QUE POSÚE <input type="text"/>		NIVEL SECUNDARIA <input type="checkbox"/> COU <input type="checkbox"/> ESC. ARTE <input type="checkbox"/> CONSERVAT. <input type="checkbox"/> EOI <input type="checkbox"/> BACHARELATO <input type="checkbox"/> ESO <input type="checkbox"/> CICLOS FORMATIVOS DISCIPLINA/CICLO FORMATIVO <input type="text"/> MATERIAS QUE IMPARTE NESTE CURSO <input type="text"/>	
NRP <input type="text"/> ANOS DE DOCENCIA <input type="text"/> NOME DO CENTRO ONDE EXERCE <input type="text"/> ENDEREZO DO CENTRO <input type="text"/> TELÉFONO <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/> CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>		PARTICIPA NALGÚN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN? <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON PERTENCE A UN SEMINARIO PERMANENTE OU A UN GRUPO DE TRABALLO? <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON TÍTULO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN OU INNOVACIÓN EN QUE PARTICIPA <input type="text"/> TÍTULO DO SEMINARIO OU GRUPO DE TRABALLO A QUE PERTENCE <input type="text"/> ¿ESTÁ NUN CENTRO QUE SOLICITOU PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE FORMACIÓN EN CENTROS? <input type="text"/> TÍTULO DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN ÁS QUE ASISTIU NO ÚLTIMO CURSO ACADÉMICO <input type="text"/> TIPO DE REINTEGRO (I, II, III, IV) <input type="text"/> CUSTO DA INSCRICIÓN E ENSINO <input type="text"/> CUSTO DE DESPRAZAMENTO <input type="text"/> CANTIDADE SOLICITADA <input type="text"/>	
En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro.			
LEXISLACIÓN APLICABLE Orde do 14 de marzo de 2012 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario para o ano 2012.			
SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>			

Xefe/a territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en





MODELO DE INFORME PARA A CONCESIÓN DO REINTEGRO INDIVIDUAL TIPO I, II, III, IV ANO 2012

Vista a solicitude de reintegro individual de tipo formulada por:

Don / Dona con NIF

pertencente ao corpo de

destinado no centro

provincia , localidade

Esta xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, unha vez solicitados os informes oportunos, emite informe ⁽¹⁾ tendo en conta os seguintes motivos:

E propón que lle sexa ⁽²⁾

Lugar e data
 , de de

O/A xefe/a territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Asdo.:

(1) Favorable/desfavorable (2) Concedida/denegada

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa